

***EPAPU STA M<sup>a</sup> DE CARANZA***  
***FERROL***

***PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO***  
***DEPARTAMENTO DE***

***MATEMÁTICAS***

***Curso 2024 - 25***

## ÍNDICE

1. *Membros do Departamento e niveis que imparten* (páx. 3)
2. *Educación básica de persoas adultas: Ámbitos da Competencia matemática e da ciencia e tecnoloxía. Competencias na ESA semipresencial. Orientacións metodolóxicas* (páx. 4)
3. *Obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, Competencias e temporalidade:* (páx. 7)
  - 3.1 *Módulo 1* (páx. 8)
  - 3.2 *Módulo 2* (páx. 20)
  - 3.3 *Módulo 3* (páx. 32)
  - 3.4 *Módulo 4* (páx. 43)
4. *Programación didáctica de Bacharelato* (páx. 57)
  - 4.1 *Materias Optativas:* (páx. 59)
    - 4.1.1 *Tecnoloxías da Información e da Comunicación I (1º BAC)* (páx. 60)
    - 4.1.2 *Tecnoloxías da Información e da Comunicación II (2º BAC)* (páx. 64)
    - 4.1.3 *Métodos Estatísticos e Numéricos* (páx. 67)
  - 4.2 *Bacharelato de Ciencias e Tecnoloxía [Materias propias da modalidade]* (páx. 71)
    - 4.2.1 *Matemáticas I 1º BAC* (páx. 78)
    - 4.2.2 *Matemáticas II 2º BAC* (páx. 84)
  - 4.3 *Bacharelato de Humanidades e CC SS [Materias propias da modalidade]* (páx. 88)
    - 4.3.1 *Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I 1ºBAC* (páx. 89)
    - 4.3.2 *Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II 2º BAC* (páx. 94)
5. *Criterios de cualificación e puntuación en ESA e BAC* (páx. 97)
6. *Procedementos e instrumentos de avaliación* (páx. 98)
7. *Tratamento do fomento da lectura* (páx. 98)
8. *Tratamento do fomento das TIC* (páx. 98)
9. *Plans de traballo para superación de materias pendentes* (páx. 99)
10. *Metodoloxía didáctica* (páx. 99)
11. *Materiais e recursos didácticos* (páx. 100)
12. *Programación de temas transversais* (páx. 100)
13. *Medidas de atención á diversidade* (páx. 100)
14. *Actividades complementarias e extraescolares* (páx. 101)
15. *Procedementos para avaliar a propia programación didáctica* (páx. 101)
16. *Constancia de información ao alumnado e as familias* (páx. 101)
17. *Probas de Nivel* (páx. 101)
18. *Conformidade dos membros do departamento* (páx. 101)

<i>EPAPU STA M<sup>a</sup> DE CARANZA</i>	<i>Departamento de Matemáticas</i>
<i>Programación 2024-25</i>	<i>Páx 3 de 101</i>

**1.- MEMBROS DO DEPARTAMENTO E MATERIAS QUE IMPARTEN**

	<i>Materias / Módulos</i>
<i>Pedro A. Pazos García (Xefe de departamento)</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <i>Matemáticas Aplicadas ás CCSS I - 1º BAC (2grupos)</i></li> <li>• <i>Matemáticas Aplicadas ás CCSS II - 2º BAC (2grupos)</i></li> <li>• <i>Tecnoloxías da Información e da Comunicación I 1ºBAC (4 grupos)</i></li> <li>• <i>Tecnoloxías da Información e da Comunicación II 2ºBAC (4 grupos)</i></li> </ul>
<i>Antonio Ferreiro Rozas</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <i>Matemáticas I 1º BAC (2grupos)</i></li> <li>• <i>Matemáticas II 2º BAC (2grupos)</i></li> <li>• <i>Ámbito científico tecnolóxico Módulo 1 semipresencial (1grupo)</i></li> <li>• <i>Ámbito científico tecnolóxico Módulo 2 semipresencial (2grupo)</i></li> <li>• <i>Outras materias que non corresponden a este departamentos</i></li> </ul>

*\* Os Ámbitos de ESA son cursos que rematan en xaneiro e volvese a impartir en febreiro. Esperamos que a asignación na ESA semipresencial non varíe.*

<i>EPAPU STA M<sup>a</sup> DE CARANZA</i>	<i>Departamento de Matemáticas</i>
<i>Programación 2024-25</i>	<i>Páx 4 de 101</i>

## ***2.- PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE ESA (ámbito científico-tecnolóxico)*** ***Introdución, Competencias e Metodoloxía***

O ámbito científico-tecnolóxico ten como finalidade que o alumnado se capacite para ofrecer unha explicación lóxica do mundo físico e adquira unha cultura científica básica que constitúa a base para a adquisición de novos coñecementos desde unha visión global e integradora da realidade.

O consecuente proceso de alfabetización científica contribuirá á comprensión de fenómenos naturais, de problemas que atopan solucións no desenvolvemento científico e tecnolóxico e de actitudes responsables dirixidas a sentar as bases dun desenvolvemento sustentable.

### ***2.-1 Competencias***

As achegas deste ámbito científico-tecnolóxico á adquisición das Competencias da educación para persoas adultas son:

#### *x Comunicación lingüística (CCL)*

A aprendizaxe deste ámbito científico-tecnolóxico require a práctica de distintas destrezas adquiridas ao longo da vida mediante o uso da lingua, que implican o manexo de diferentes modalidades de comunicación e o acceso a múltiples soportes de información, con textos en varios formatos, nos que se empregan diversas linguaxes e sistemas de representación, agora aplicados ao contexto científico, tendo sempre presente, ademais, que a linguaxe é un instrumento humano básico porque permite razoar.

#### *x Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)*

Tanto a interpretación de sucesos, feitos e acontecementos como a experimentación no ámbito das ciencias naturais e da tecnoloxía implican a comprensión e a utilización do sistema numérico, a realización de cálculos, a estimación e o cálculo de magnitudes, a situación no espazo, o tratamento e a representación da información e a valoración do azar e a probabilidade. Necesitan a aplicación do razoamento matemático e as súas ferramentas para describir, interpretar e predicir distintos fenómenos nos seus respectivos contextos, demostrando os resultados matemáticos e valorando as solucións pola súa fiabilidade e veracidade.

#### *x Competencia dixital (CD)*

O estudo das ciencias naturais e a aplicación de procedementos característicos do desenvolvemento tecnolóxico e da investigación científica demandan o uso habitual das novas tecnoloxías da información e a comunicación. Precisan incrementar as habilidades de procura, selección e recompilación de información e desenvolver unha actitude crítica para analizar e interpretar a validez e fiabilidade do contido, co fin de resolver problemas, avaliar novas fontes de información e motivar a curiosidade polo coñecemento.

#### *x Aprender a aprender (CAA)*

A metodoloxía didáctica deste ámbito científico-tecnolóxico prepara para formarse permanentemente ao longo da vida ao propoñer que o alumnado aprenda a observar e propoñer cuestións sobre a realidade, a informarse, a estudar, a realizar unha elaboración persoal do coñecemento, a reflexionar e a elaborar respostas aos fenómenos naturais e tecnolóxicos que aparecen na súa vida cotiá. Todo iso esperta a curiosidade, incrementa a motivación e impulsa o desexo continuo de incorporar novos coñecementos.

<i>EPAPU STA M<sup>a</sup> DE CARANZA</i>	<i>Departamento de Matemáticas</i>
<i>Programación 2024-25</i>	<i>Páx 5 de 101</i>

*x Competencias sociais e cívicas (CSC)*

O ámbito científico-tecnolóxico afianza a capacidade de identificar, interpretar, apreciar e axuizar acontecementos, feitos, comportamentos, hábitos e valores para relacionarse co medio desde o respecto, mediante o diálogo, a cooperación e a participación a nivel local, nacional e europeo. Propón aprendizaxes para a toma de decisións ben fundamentadas e argumentadas, para a comprensión e expresión de diferentes puntos de vista. Propón estratexias para alcanzar o benestar persoal e colectivo.

*x Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)*

Este ámbito científico-tecnolóxico fomenta a capacidade de transformar ideas en actos, partindo de habilidades e destrezas persoais, ao abordar contidos, estratexias metacognitivas, procedementos e proxectos que dotan ás persoas adultas de recursos para desenvólense adecuadamente e afrontaren de maneira autónoma retos persoais, sociais, académicos e laborais de moi diversa índole. Consecuentemente, promóvense actitudes para aproveitar a información, desenvolver ideas, resolver problemas e presentar conclusións innovadoras.

*x Conciencia e expresións culturais (CCEC)*

Este ámbito científico-tecnolóxico realiza achegas importantes á competencia en conciencia e expresións culturais ao propoñer a reflexión e a posta en práctica de actitudes de respecto, aceptación e goce das diferentes manifestacións culturais e artísticas, valorando a liberdade de expresión, o dereito á diversidade cultural e o diálogo entre culturas e sociedades, pasadas e actuais, locais e universais, cun espírito aberto, positivo e solidario.

<i>EPAPU STA Mª DE CARANZA</i>	<i>Departamento de Matemáticas</i>
<i>Programación 2024-25</i>	<i>Páx 6 de 101</i>

## 2.- 2 ORIENTACIÓNS METODOLÓXICAS

*A metodoloxía didáctica terá como finalidade a ampliación das Competencias en relación cos contidos deste ámbito científico-tecnolóxico e fundamentarase na aplicación do método científico que leva a capacitación para cuestionar, identificar problemas, formular hipóteses, planificar e realizar accións, recoller e organizar información relevante, sistematizar coñecemento, analizar resultados, tirar conclusións e comunicalas correctamente.*

*Tratarase de involucrar o alumnado nunha aprendizaxe baseada no desenvolvemento de proxectos de investigación relacionados con situacións reais, concretas e significativas que permiten a comprensión e análise crítica de problemas que afectan á sociedade actual na vertente natural e ambiental, valorando o desenvolvemento sustentable do planeta. Potenciar a habilidade de formular, expor, interpretar e resolver problemas é fundamental xa que permite ás persoas desenvolveren os procesos cognitivos necesarios para abordaren e resolveren situacións interdisciplinares reais.*

*O proceso da resolución de problemas deberá potenciar a habilidade para entender diferentes formulacións e implementar plans prácticos, revisar os procedementos de procura de solucións e expor as aplicacións dese coñecemento e desas habilidades a diversas situacións da vida real, así como fomentar a autonomía para establecer hipóteses e contrastalas, e para deseñar diferentes estratexias de resolución ou extrapolar os resultados obtidos a situacións análogas.*

*Os procedementos de ensino e aprendizaxe irán encamiñados a sistematizar o coñecemento sobre o mundo natural a través da construción de conceptos e das relacións entre eles, a buscar modelos explicativos que permitan comprender mellor a natureza e, en definitiva, á construción de saber científico extensible a outros ámbitos de coñecemento.*

*O uso das tecnoloxías da información e da comunicación terá gran importancia neste proceso, tanto na procura, selección e comunicación da información, como na comprensión mediante a simulación de procesos. A utilización das aplicacións virtuais interactivas deberán xogar un papel crucial, porque proporcionan alternativas aos laboratorios tradicionais e constitúen a única forma de estudar, de maneira experimental, algúns procesos de difícil execución práctica.*

*As tecnoloxías da información e a comunicación han de ser unha ferramenta fundamental para sustentar as investigacións, fundamentar os traballos e profundar na terminoloxía científica. Terán un papel esencial para a mellor comprensión de conceptos, na resolución de problemas complexos e para contrastar con maior rigor as hipóteses propostas e presentar e comunicar os resultados obtidos.*

*Os criterios de avaliación están formulados de maneira que permitan valorar o grao de consecución de cada unha das competencias en relación aos contidos do ámbito científico-tecnolóxico. Teñen o propósito de guiar a análise das posibilidades que ten cada alumno e alumna para coñecer, comprender e relacionarse dun modo positivo, para si mesmo e para os demais, co mundo físico.*

<i>EPAPU STA M<sup>a</sup> DE CARANZA</i>	<i>Departamento de Matemáticas</i>
<i>Programación 2024-25</i>	<i>Páx 7 de 101</i>

### **3.- Obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizax, Competencias e temporalidade na ESA**

Os contidos dos ámbitos na ESA están publicados pola propia consellería en <http://www.edu.xunta.gal/portal/node/23204>. Estes currículos están adaptados ao novo sistema educativo. Divíndense (cada un dos módulos en 8 bloques, os 4 primeiros refírense ao ámbito matemático e os 4 últimos ao das ciencias da natureza)

As datas das que se fai mención na temporalidade dos módulos son orientativas, e deberán ser confirmadas pola xefatura de estudos.

Para os efectos desta programación, e como marca o decreto que regula as materias deste ensino de bac, as Competencias do currículo serán as seguintes:

(CCL) Comunicación lingüística.

(CMCCT) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.

(CD) Competencia dixital.

(CAA) Aprender a aprender .

(CSC) Competencias sociais e cívicas.

(CSIEE) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.

(CCEC) Conciencia e expresións culturais.

#### Clasificación de obxectivos

O bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomenta a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.

b) Consolidar unha madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.

c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.

d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.

f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.

g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.

i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto

cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.

m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.

o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.

p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

### 3.1.- Módulo 1 [ÁMBITO CIENTÍFICO-TECNOLÓXICO]

<b>ÁMBITO CIENTÍFICO TECNOLÓXICO MÓDULO 1</b>				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias
<b>Bloque 1. Números e álgebra</b>				
· e · i · l · p	B1.1. Números naturais: escritura e representación. Operacións combinadas, xerarquía e uso da paréntese. Potencias, operacións con potencias. Cadrados perfectos, raíces cadradas. B1.2. Números enteiros: representación na recta numérica. Valor absoluto e oposto dun número enteiro. Operacións combinadas, xerarquía e uso da paréntese. Potencias de números enteiros con expoñente natural, operacións. Uso da calculadora.	B1.1. Utilizar números naturais e enteiros, as súas operacións e as súas propiedades para recoller, transformar e intercambiar información e resolver problemas relacionados coa vida cotiá.	B1.1.1. Identifica os números naturais e enteiros e utilízalos para representar, ordenar e interpretar axeitadamente a información cuantitativa.	· CMCT · CD
			B1.1.2. Calcula o valor de expresións numéricas de distintos tipos de números mediante as operacións elementais e as potencias de expoñente natural, aplicando correctamente a xerarquía das operacións.	
			B1.1.3. Emprega axeitadamente os tipos de números e as súas operacións, para resolver problemas cotiáns contextualizados, representando e interpretando mediante medios tecnolóxicos, cando sexa necesario, os resultados obtidos.	· CMCT · CD · CL
			B1.1.4. Realiza cálculos nos que interveñen potencias de expoñente natural e aplica as regras básicas das operacións con potencias.	· CMCT · CD
· e · j	B1.3. Divisibilidade: múltiplos e divisores dun número. Criterios de divisibilidade, descomposición factorial. Mínimo común múltiplo e máximo común divisor, cálculo a partir da descomposición factorial.	B1.2. Coñecer e utilizar propiedades e novos significados dos números en contextos de paridade, divisibilidade e operacións elementais, mellorando así a comprensión do concepto e dos tipos de números.	B1.2.1. Recoñece novos significados e propiedades dos números en contextos de resolución de problemas sobre paridade, divisibilidade e operacións elementais.	· CMCT · CL
			B1.2.2. Aplica os criterios de divisibilidade por 2, 3, 5, 9 e 11 para descompoñer en factores primos números naturais, e emprégalos en exercicios, actividades e problemas contextualizados.	
			B1.2.3. Identifica e calcula o máximo común divisor e o mínimo común múltiplo de dous ou máis números naturais mediante o algoritmo axeitado e explica en problemas	· CMCT



<b>EPAPU STA M<sup>a</sup> DE CARANZA</b>	<b>Departamento de Matemáticas</b>
<b>Programación 2024-25</b>	<b>Páx 9 de 101</b>

<b>ÁMBITO CIENTÍFICO TECNOLÓXICO MÓDULO 1</b>					
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias	
<b>Bloque 1. Números e álgebra</b>					
			contextualizados.		
· e · i · j · l · p	B1.4. Números racionais: fraccións, fraccións equivalentes, simplificar fraccións, redución de fraccións a común denominador. Operacións con fraccións, operacións combinadas, xerarquía e uso da paréntese. Potencias de fraccións. Relación entre números decimais e fraccións. Potencias de base 10. Uso de notación científica para representar números grandes	B1.3. Utilizar números fraccionarios e decimais, as súas operacións e as súas propiedades, para recoller, transformar e intercambiar información e resolver problemas relacionados coa vida diaria.  B1.4. Desenvolver, en casos sinxelos, a competencia no uso de operacións combinadas de números racionais como síntese de secuencia de operacións aritméticas, aplicando correctamente a xerarquía das operacións.	B1.3.1. Calcula fraccións equivalentes, simplifica fraccións e reduce a común denominador.	· CMCT · CCL	
			B1.3.2. Realiza operacións de conversión entre números decimais e fraccionarios, acha fraccións equivalentes e simplifica fraccións, para aplicalo na resolución de problemas.		
			B1.3.3. Expresa verbalmente e de forma razoada o proceso seguido na resolución dun problema coa precisión e rigor adecuados.		
			B1.4.1. Realiza operacións combinadas entre números fraccionarios, decimais con eficacia, mediante o cálculo de algoritmos de lapis e papel, calculadora ou medios tecnolóxicos, utilizando a notación máis axeitada e respectando a xerarquía das operacións.		· CMCT · CD
			B1.4.2. Establece conexións entre un problema do mundo real e o mundo matemático, identificando o problema ou os problemas matemáticos que subxacen nel e os coñecementos matemáticos necesarios.		· CMCT · CSIEE
			B1.4.3. Utiliza estratexias heurísticas e procesos de razoamento na resolución de problemas, reflexionando sobre o proceso de resolución.		· CMCT · CAA

<b>EPAPU STA Mª DE CARANZA</b>	<b>Departamento de Matemáticas</b>
<b>Programación 2024-25</b>	<b>Páx 10 de 101</b>

<b>ÁMBITO CIENTÍFICO TECNOLÓXICO MÓDULO 1</b>				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias
<b>Bloque 2. Xeometría</b>				
· e · h · j	B2.1. Elementos básicos da xeometría do plano. Paralelismo e perpendicularidade. Ángulos e a súa relación. Construcións xeométricas sinxelas: mediatriz e bisectriz.  B2.2. Figuras planas elementais: triángulo, cadrado e figuras poligonais. Clasificación de triángulos, cuadriláteros e polígonos	B2.1. Recoñecer e describir figuras planas, os seus elementos e as súas propiedades características para clasificalas, identificar situacións, describir o contexto físico e abordar problemas da vida cotiá.	B2.1.1. Recoñece e describe as características dos polígonos regulares (ángulos interiores, ángulos centrais, diagonais, apotema, simetrías).	· CMCT · CL
			B2.1.2. Define os elementos característicos dos triángulos, trazando estes e coñecendo a propiedade común a cada un deles, e clasifícaos atendendo tanto aos seus lados como aos seus ángulos	
			B2.1.3. Clasifica os cuadriláteros e os paralelogramos atendendo ao paralelismo entre os seus lados opostos e coñecendo as súas propiedades referentes a ángulos, lados e diagonais.	· CMCT
· e · f · j	B2.3. Sistema Internacional de Unidades. Unidades de masa, lonxitude e volume. Múltiplos e submúltiplos.  B2.4. Cálculo de áreas e perímetros de figuras planas. Unidades lineais e de superficie. Factores de conversión.  B2.5. Circunferencia e círculo.	B2.2. Utilizar estratexias, ferramentas tecnolóxicas e técnicas simples da xeometría analítica plana para a resolución de problemas de perímetros, áreas e ángulos de figuras planas, utilizando a linguaxe matemática e as unidades axeitadas, e expresar o procedemento seguido na resolución.	B2.2.1. Resolve problemas relacionados con distancias, perímetros, superficies e ángulos de figuras planas, en contextos da vida real, utilizando as ferramentas tecnolóxicas, unidades e as técnicas xeométricas máis apropiadas.	· CMCT · CCL · CSIEE
			B2.2.2. Identifica as propiedades xeométricas que caracterizan os puntos da circunferencia e o círculo.	
			B2.2.3. Calcula a lonxitude da circunferencia, a área do círculo, a lonxitude dun arco e a área dun sector circular, e aplícaa para resolver problemas xeométricos	· CMCT · CCL · CSIEE

<i>EPAPU STA M<sup>a</sup> DE CARANZA</i>	<i>Departamento de Matemáticas</i>
<i>Programación 2024-25</i>	<i>Páx 11 de 101</i>

<b>ÁMBITO CIENTÍFICO TECNOLÓXICO MÓDULO 1</b>				
<b>Obxectivos</b>	<b>Contidos</b>	<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Estándares de aprendizaxe</b>	<b>Competencias</b>
<b>Bloque 3. Funcións</b>				
· a · e · f	B3.1. Coordenadas cartesianas. Representación e identificación de puntos nun sistema de eixes coordenados. Concepto de vector.	B3.1. Coñecer, manexar e interpretar o sistema de coordenadas cartesianas.	B3.1.1. Localiza puntos no plano a partir das súas coordenadas e nomea puntos do plano escribindo as súas	· CMCCT · CL
	B3.2. Concepto de función: variable dependente e independente. Formas de representación: linguaxe habitual, táboa, gráfica e fórmula	B3.2 Comprender o concepto de función. B3.3 Manexar as formas de presentar unha función (linguaxe habitual, táboa numérica, gráfica e ecuación), pasando dunhas formas a outras elixindo a mellor delas en función do contexto.	B3.2.1. Recoñece se unha gráfica representa ou non unha función. B3.3.1. Pasa dunhas formas de representación dunha función a outras e elixe a máis adecuada en función do contexto.	· CMCCT · CCL

<b>EPAPU STA Mª DE CARANZA</b>	<b>Departamento de Matemáticas</b>
<b>Programación 2024-25</b>	<b>Páx 12 de 101</b>

<b>ÁMBITO CIENTÍFICO TECNOLÓXICO MÓDULO 1</b>					
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias	
<b>Bloque 4. Ciencias e tecnoloxía nas nosas vidas</b>					
· a · e · i · k · l · p	B4.1. Arquitectura básica dos sistemas informáticos. Software: sistema operativo e aplicación básicas. Deseño e produción de información dixital. Interacción na rede. Creación de produtos tecnolóxicos.	B4.1. Distinguir as partes operativas dun equipo informático e coñecer a súa función en conxunto.	B4.1.1. Identifica as compoñentes fundamentais dun ordenador e coñece a súa función.	· CMCCT · CCL	
		B4.2. Recoñecer a importancia do sistema operativo e as súas funcións.	B4.2.1. Deseña as fases que deben levarse a cabo para a resolución dun problema desde o punto de vista tecnolóxico.		
			B4.2.2. Usa axeitadamente as utilidades básicas do sistema operativo.		
		B4.3. Organizar con racionalidade a información almacenada no seu ordenador	B4.3.1. Realiza operacións básicas de organización e almacenamento da información persoal contida no seu ordenador.		
		B4.4. Instalar e manexar programas básicos.	B4.4.1. Coñece o procedemento xeral para a instalación de aplicacións sinxelas e realiza operacións básicas con elas.		
			B4.5. Utilizar programas de edición de texto, follas de cálculo e creación de presentacións multimedia		B4.5.1. Elabora e maqueta documentos de texto sinxelos, con aplicacións que facilitan a inclusión de táboas e imaxes.
		B4.5.2. Crea presentacións que integran texto, imaxe e outros elementos multimedia.	B4.5.2. Crea presentacións que integran texto, imaxe e outros elementos multimedia.		· CMCCT · CD · CAA
			B4.5.3. Utiliza fórmulas para obter resultados en follas de cálculo e obtén representacións gráficas dos resultados utilizados		· CMCCT · CD
			B4.6. Identificar os riscos asociados ao uso de internet.		B4.6.1. Coñece os riscos de seguridade e emprega hábitos de protección adecuados para a información persoal.
		B4.6.2. Coñece a importancia da identidade dixital e os tipos de fraude na rede.	B4.6.2. Coñece a importancia da identidade dixital e os tipos de fraude na rede.		· CMCCT · CD
			B4.7. Buscar, seleccionar e producir información na internet.		B4.7.1. Utiliza fórmulas para obter resultados en follas de cálculo e obtén representacións gráficas dos resultados utilizados.
		B4.8. Recoñecer e comprender os dereitos dos materiais aloxados na web	B4.8.1. Diferencia o concepto de materiais suxeitos a dereito de autor e materiais de libre distribución.		· CMCCT · CD · CAA
		B4.9. Adoitar condutas	B4.9.1. Respecta as normas		· CMCCT

<b>EPAPU STA M<sup>a</sup> DE CARANZA</b>	<b>Departamento de Matemáticas</b>
<b>Programación 2024-25</b>	<b>Páx 13 de 101</b>

<b>ÁMBITO CIENTÍFICO TECNOLÓXICO MÓDULO 1</b>				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias
<b>Bloque 4. Ciencias e tecnoloxía nas nosas vidas</b>				
		<i>adequadas de interacción na rede.</i>	<i>básicas de interacción na rede.</i>	· CD · CSC
<b>ÁMBITO CIENTÍFICO TECNOLÓXICO MÓDULO 1</b>				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias
<b>Bloque 5. Terra como planeta</b>				
· e · j · k · l	B5.1. O Sistema Solar e os seus compoñentes.	B5.1. Expoñer a organización do Sistema Solar.	B5.1.1. Distingue entre Astronomía e Astroloxía. B5.1.2. Recoñece os compoñentes do Sistema Solar e describe as súas características xerais.	· CMCCT · CCEC  · CMCCT
· j · k · l	B5.2. Situación da Terra no Sistema Solar.	B5.2. Localizar a posición da Terra no Sistema Solar.	B5.2.1. Compara os modelos xeocéntrico, heliocéntrico e actual indicando a posición que ocupa a Terra en cada un deles.	
· j · k · l	B5.3. O planeta Terra: características. Forma, dimensións, e capas (atmosfera, hidrosfera e xeosfera).	B5.3. Relacionar comparativamente a posición dun planeta no sistema solar coas súas características.	B5.3.1. Describe as características que se dan no planeta Terra que favoreceron o desenvolvemento da vida.	· CMCCT · CCL
· a · e · f · j · k · l	B5.4 Os movementos da Terra: rotación e translación e as súas consecuencias.	B5.4. Establecer os movementos da Terra, da Lúa e do Sol, e relacionalos coa existencia do día e a noite, as estacións...	B5.4.1. Categoriza os fenómenos principais relacionados co movemento e a posición dos astros. B5.4.2. Interpreta correctamente en gráficos e esquemas fenómenos como as fases lunares, as estacións e as eclipses, e establece a súa relación coa posición relativa da Terra, a Lúa e o Sol.	· CMCCT  · CMCCT · CCL · CCS
· e · j · k · l	B5.5. A xeosfera: composición e distribución dos materiais terrestres segundo a súa abundancia e a distribución nas grandes capas da Terra.	B5.5. Identificar os materiais terrestres segundo a súa abundancia e a distribución nas grandes capas da Terra	B5.5.1. Nomea e sitúa correctamente nunha representación gráfica as grandes capas do interior da Terra. B5.5.2. Describe as características xerais das capas do interior do planeta e xustifica a súa distribución en capas en función da súa densidade	· CMCCT  · CMCCT · CCL
· j · k · l	B5.6. A atmosfera: composición e estrutura. Importancia do papel protector da atmosfera para os seres vivos.	B5.6. Analizar a composición e as propiedades da atmosfera e as propiedades do aire.	B5.6.1. Representa as distintas capas da atmosfera, situándoas por orde e describe a súa composición química	· CMCCT

<b>EPAPU STA M<sup>a</sup> DE CARANZA</b>	<b>Departamento de Matemáticas</b>
<b>Programación 2024-25</b>	<b>Páx 14 de 101</b>

<b>ÁMBITO CIENTÍFICO TECNOLÓXICO MÓDULO 1</b>				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias
<b>Bloque 5. Terra como planeta</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>· e</li> <li>· f</li> <li>· m</li> <li>· i</li> <li>· j</li> <li>· l</li> </ul>	<p>B5.7. Repercusións da actividade humana na atmosfera: a contaminación. Posibles solucións</p>	<p>B5.7. Recoñecer a importancia do papel protector da atmosfera para os seres vivos e considerar as repercusións da actividade humana nela.</p>	<p>B5.7.1. Identifica os contaminantes principais da atmosfera en relación coa súa orixe.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>· CSC</li> <li>· CCL</li> </ul>
		<p>B5.8. Relacionar os problemas de contaminación ambiental actuais e as súas repercusións, e desenvolver actitudes que contribúan á súa solución.</p>	<p>B5.8.1. Recolle información de diferentes fontes sobre as relacións entre a contaminación ambiental e o deterioro ambiental e propón accións e hábitos que contribúan á súa solución.</p>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>· j</li> <li>· k</li> <li>· l</li> </ul>	<p>B5.8. A hidrosfera: características da auga que a fan imprescindible para a existencia de vida e dos seres vivos.</p>	<p>B5.9. Describir as propiedades da auga e a súa importancia para a existencia da vida.</p>	<p>B5.9.1. Recoñece as propiedades da auga en relación coas súas consecuencias para o mantemento da vida na Terra.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>· CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>· a</li> <li>· b</li> <li>· e</li> <li>· f</li> <li>· g</li> <li>· i</li> <li>· j</li> <li>· k</li> </ul>	<p>B5.9. O ciclo da auga e a auga como recurso. Importancia dunha xestión sustentable da auga.</p>	<p>B5.10. Interpretar a distribución da auga na Terra, así como o ciclo da auga e o uso que fai dela o ser humano.</p>	<p>B5.10.1. Describe o ciclo da auga en relación cos seus cambios de estado.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>· CMCCT</li> <li>· CCL</li> </ul>
		<p>B5.11. Valorar e identificar a necesidade dunha xestión sustentable da auga e de actuacións persoais e colectivas que potencien a redución do consumo e a súa reutilización.</p>	<p>B5.11.1. Comprende e identifica o significado da xestión sustentable da auga doce, e enumera medidas concretas para reducir e mellorar o seu consumo.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>· CSC</li> <li>· CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>· i</li> <li>· j</li> <li>· k</li> <li>· m</li> </ul>	<p>B5.10. Repercusións da actividade humana na contaminación das augas doces e salgadas. Posibles solucións.</p>	<p>B5.12. Xustificar e argumentar a importancia de preservar e non contaminar as augas doces e salgadas.</p>	<p>B5.12.1. Investiga e recoñece os problemas de contaminación de augas doces e salgadas, en relación coas actividades humanas.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>· CSC</li> <li>· CD</li> </ul>
		<p>B5.11. A biosfera. Características que fixeron da Terra un planeta habitable.</p>	<p>B5.13. Seleccionar as características que fan da Terra un planeta especial para o desenvolvemento da vida.</p>	

<b>EPAPU STA Mª DE CARANZA</b>	<b>Departamento de Matemáticas</b>
<b>Programación 2024-25</b>	<b>Páx 15 de 101</b>

<b>ÁMBITO CIENTÍFICO TECNOLÓXICO MÓDULO 1</b>				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias
<b>Bloque 6. O relevo terrestre e a súa evolución</b>				
· e · h · j	B6.1. Ciclo e modelaxe do relevo. Factores que condicionan que o relevo difira duns sitios a outros.	B6.1. Identificar algunhas das causas que fan que o relevo difira duns sitios a outros.	B6.1.1. Identifica a influencia do clima e das características das rochas que condicionan os tipos de relevo e inflúen neles.	· CMCCT
· e · h · j	B6.2. Evolución do relevo como resultado da interacción entre os procesos externos e internos.	B6.2. Relacionar os procesos xeolóxicos externos coa enerxía que os activa.	B6.2.1. Relaciona a enerxía solar cos procesos externos, e xustifica o papel da gravidade na súa dinámica.	
			B6.2.2. Diferencia os procesos de meteorización, erosión, transporte e sedimentación, e os seus efectos en diferentes tipos de relevo.	
		B6.3. Diferenciar os cambios na superficie terrestre xerados pola enerxía do interior terrestre dos de orixe externa.	B6.3.1 Diferencia un proceso xeolóxico externo dun interno e identifica os seus efectos no relevo.	
· e · f · g · i · k · m · n	B6.3. Axentes externos modeladores da paisaxe. Factores que condicionan a modelaxe da paisaxe galega.	B6.4. Indagar e identificar os axentes e os factores que condicionan a modelaxe da paisaxe galega.	B6.4.1. Investiga acerca da paisaxe do contorno máis próximo e identifica algúns dos axentes e dos factores modeladores da paisaxe.	· CCEC · CAA · CD
			B6.4.2. Valora e describe a importancia da actividade humana na transformación da superficie terrestre.	· CSC · CCEC
· a · e · j · k · i · l	B6.4. Manifestacións da enerxía interna da Terra. Os procesos internos: actividade sísmica e volcánica.	B6.5. Analizar a actividade sísmica é volcánica, as súas características e os efectos que xeran.	B6.5.1. Investiga e xustifica a existencia de zonas en que os terremotos son máis frecuentes e de maior magnitude.	· CAA · CMCCT · CD
			B6.5.2. Relaciona os tipos de erupción volcánica co magma que as orixina e asóciaos co grao de perigo.	· CMCCT
· f · j · k · l	B6.5 Distribución de volcáns e terremotos. Riscos sísmico e volcánico: importancia da súa predición e da súa prevención.	B6.6. Relacionar a actividade sísmica é volcánica coa dinámica do interior terrestre e xustificar a súa distribución planetaria.	B6.6.1. Relaciona a dinámica interna do planeta co orixe de sismos e de volcáns.	
			B6.6.2. Valora e describe o risco sísmico existente na zona na que habita, e describe as medidas de prevención que debe adoptar.	
· f · j · k · l · m · n	B6.6. Relación do ciclo xeolóxico e a formación das rochas e minerais. Rochas e minerais frecuentes en Galicia e aplicacións máis frecuentes.	B6.7. Recoñecer as propiedades e as características dos minerais e das rochas, distinguir as súas aplicacións máis frecuentes e salientar a súa importancia económica.	B6.7.1. Identifica minerais e rochas frecuentes en Galicia utilizando criterios que permitan diferenciar e explicar a relación que existe entre ambos os dous.	· CAA · CMCCT
			B6.7.2 Describe algunhas das aplicacións máis frecuentes dos	· CCEC · CSC

<i>EPAPU STA M<sup>a</sup> DE CARANZA</i>	<i>Departamento de Matemáticas</i>
<i>Programación 2024-25</i>	<i>Páx 16 de 101</i>

<b>ÁMBITO CIENTÍFICO TECNOLÓXICO MÓDULO 1</b>				
<i>Obxectivos</i>	<i>Contidos</i>	<i>Criterios de avaliación</i>	<i>Estándares de aprendizaxe</i>	<i>Competencias</i>
<b>Bloque 6. O relevo terrestre e a súa evolución</b>				
			<i>minerais e das rochas no ámbito da vida cotián e reconece a importancia do seu uso responsable.</i>	
· j · k · l	<i>B6.7. Formación do solo. Tipos de compoñentes que o forman.</i>	<i>B6.8. Analizar os compoñentes do solo e esquematizar as relacións entre eles.</i>	<i>B6.8.1. Reconece que o solo é o resultado da interacción entre os compoñentes bióticos e abióticos, e sinala algunha das súas interaccións.</i>	· CMCCT
· f · j · k · m	<i>B6.8. Importancia do solo. Riscos da súa sobreexplotación, degradación ou perda.</i>	<i>B6.9 Valorar e determinar a importancia do solo e os riscos que comporta a súa sobreexplotación, degradación ou perda.</i>	<i>B6.9.1. Reconece a fragilidade do solo e valora a necesidade de protexelo. Valora a importancia do solo en Galicia.</i>	· CMCCT · CSC



<b>EPAPU STA Mª DE CARANZA</b>	<b>Departamento de Matemáticas</b>
<b>Programación 2024-25</b>	<b>Páx 17 de 101</b>

<b>ÁMBITO CIENTÍFICO TECNOLÓXICO MÓDULO 1</b>				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias
<b>Bloque 7. A biodiversidade das poboacións no planeta Terra</b>				
· a · d · e · i · j · k · l · m	B7.1. Uniformidade e biodiversidade dos seres vivos: significado e importancia. Funcións vitais comúns a todos os seres vivos.	B7.1. Recoñecer que tódolos seres vivos están formados polos mesmos elementos químicos e realizan as mesmas funcións vitais.	B7.1.1. Analiza a importancia que ten cada unha das funcións vitais (nutrición, relación e reprodución), no mantemento da vida.	· CMCCT · CCEC
		B7.2. Recoñecer a importancia da biodiversidade e as características morfolóxicas principais dos grupos taxonómicos	B7.2.1. Estima a importancia da biodiversidade e aplica criterios de clasificación dos seres vivos, relacionando os animais e as plantas máis comúns co seu grupo taxonómico.	· CMCCT · CSC
			B7.2.2. Investiga e recoñece zonas de especial protección en Galicia pola súa biodiversidade.	· CSC · CD
· j · k · l · m	B7.2. Criterios que serven para clasificar os seres vivos e identificar os principais modelos taxonómicos	B7.3. Categorizar os criterios que serven para clasificar os seres vivos e identificar os principais modelos taxonómicos aos que pertencen os animais e as plantas máis comúns.	B7.3.1. Diferencia as características xerais e singulares de cada grupo taxonómico.	· CMCCT
			B7.3.2. Identifica e recoñece exemplares característicos de cada un destes grupos, e salienta a súa importancia biolóxica.	· CMCCT · CSC
· i · j · k · l · m · n	B7.3. Características xerais dos grandes grupos de invertebrados e vertebrados e explicar a súa importancia no conxunto dos seres vivos.	B7.4. Coñecer e definir as funcións vitais dos animais e caracterizar os principais grupos de invertebrados e vertebrados	B7.4.1. Identifica as funcións vitais dos animais.	· CMCCT
			B7.4.2. Describe as características xerais e singulares dos principais grupos de invertebrados e vertebrados.	· CMCCT · CCL
			B7.4.3. Recoñece e asocia invertebrados comúns co grupo taxonómico ao que pertencen utilizando diferentes fontes de información.	· CSC · CD
			B7.4.4. Recoñece e asocia vertebrados comúns a clase á que pertencen, utilizando diferentes fontes de información.	
· j · k · l · m	B7.4. Características dos principais grupos de plantas e das súas funcións súa importancia para a vida no planeta.	B7.5. Coñecer e definir as funcións vitais das plantas e a súa importancia para a vida. Caracterizar os principais grupos de plantas.	B7.5.1. Explica o proceso da nutrición autótrofa e relaciónao coa súa importancia para o conxunto de tódolos seres vivos.	· CMCCT
			B7.5.2. Describe as características xerais e singulares dos principais grupos de plantas.	· CMCCT · CCL
			B7.5.3. Clasifica e identifica vexetais do ámbito cotián, utilizando diferentes fontes de	· CSC · CD

<b>EPAPU STA M<sup>a</sup> DE CARANZA</b>	<b>Departamento de Matemáticas</b>
<b>Programación 2024-25</b>	<b>Páx 18 de 101</b>

<b>ÁMBITO CIENTÍFICO TECNOLÓXICO MÓDULO 1</b>				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias
<b>Bloque 7. A biodiversidade das poboacións no planeta Terra</b>				
			información	

<b>ÁMBITO CIENTÍFICO TECNOLÓXICO MÓDULO 1</b>				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias
<b>Bloque 8. Ecosistemas e biodiversidade</b>				
· e · j · k · l · m	B8.1. Ecosistema: compoñentes abióticos e bióticos. Limite de tolerancia.	B8.1. Diferenciar os compoñentes dun ecosistema coñecer o concepto de factor limitante e limite de tolerancia.	B8.1.1. Describe os compoñentes dun ecosistema B8.1.2. Identifica os factores ambientais que condicionan o desenvolvemento dos seres vivos nun determinado ambiente, valorando a súa importancia.	· CMCCT · CMCCT · CAA
· b · f · e · j · k	B8.2 Interaccións entre os seres vivos dun ecosistema: adaptacións dos seres vivos a diferentes medios.	B8.2. Comparar adaptacións dos seres vivos a diferentes medios.	B8.2.1. Recoñece e diferencia as adaptacións comúns dos seres vivos a diferentes ambientes.	· CMCCT · CSC · CAA
· j · k · m	B8.3. Asociacións intraespecíficas e interespecíficas	B8.3. Identificar tipos de relacións intra e interespecíficas	B8.3.1. Recoñece e describe os tipos de relacións intraespecíficas e interespecíficas utilizando exemplos comúns.	· CMCCT
· j · l · m	B8.4. Relacións tróficas: cadeas e redes. Modelos próximos de ecosistemas acuáticos e terrestres	B8.4. Explicar os conceptos de cadeas e redes tróficas utilizando exemplos cotiáns	B8.4.1. Recoñece e valora a importancia dos diferentes niveis tróficos e as súas relacións nos ecosistemas, empregando exemplos de ecosistemas acuáticos e terrestres próximos.	· CAA · CSC · CCL
· a · b · c · f · i · m · n	B8.5. Accións humanas sobre os ecosistemas: problemas ambientais e actuacións que favorecen a conservación ambiental.	B8.5. Identifica nun ecosistema os factores desencadeantes de desequilibrios e establecer estratexias para restablecer o seu equilibrio.	B8.5.1. Analiza os factores desencadeantes de desequilibrios nun ecosistema.	· CMCCT
		B8.6. Recoñecer e difundir accións que favorezan a conservación ambiental.	B8.6.1. Investiga as causas naturais e antrópicas da perda de biodiversidade e razoa as consecuencias para o ser humana. B8.6.2. Selecciona accións que preveñen a destrución ambiental	· CD · CSC · CCEC · CSC · CSIEE

<i>EPAPU STA M<sup>a</sup> DE CARANZA</i>	<i>Departamento de Matemáticas</i>
<i>Programación 2024-25</i>	<i>Páx 19 de 101</i>

### **temporalidade Módulo 1**

Cadro resumo:

<b>MÓDULO I</b>	<i>Ámbito matemático</i>	<i>1,- Números e álgebra</i>
		<i>2,- Xeometría</i>
		<i>3,- Funcións</i>
		<i>4,- Ciencia e tecnoloxía nas nosas vidas</i>
	<i>Ciencias da Natureza</i>	<i>5,- A Terra como planeta</i>
		<i>6,- O relevo terrestre e a súa evolución</i>
		<i>7,- A biodiversidade das poboacións no planeta Terra</i>
		<i>8,- Ecosistemas e biodiversidade. Accións humanas sobre os ecosistemas</i>

#### **1º cuadrimestre:**

**1ª quincena de setembro, Outubro e 1ª quincena de novembro:**

*Bloques 1, 2, 5 e 6*

**2ª quincena de novembro Decembro, xaneiro e 1ª quincena de febreiro:**

*Bloques 3, 4, 7 e 8*

#### **2º cuadrimestre:**

*De volverse impartir o módulo I no segundo cuadrimestre; 2º quincena de febreiro á 2ª semana de xuño será o seguinte desglose para cada unidade:*

**1ª quincena de febreiro, marzo e 1ª quincena de abril:**

*Bloques 1, 2, 5 e 6*

**2ª quincena de abril, maio e 2ª semana de xuño:**

*Bloques 3, 4, 7 e 8*

*O desglose ten razón de ser para combinar o ámbito matemático e o referente ás ciencias naturais nos dous parciais*

<i>EPAPU STA Mª DE CARANZA</i>	<i>Departamento de Matemáticas</i>
<i>Programación 2024-25</i>	<i>Páx 20 de 101</i>

### 3.2.- Módulo 2 [ÁMBITO CIENTÍFICO-TECNOLÓXICO]

<b>ÁMBITO CIENTÍFICO TECNOLÓXICO MÓDULO 2</b>					
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias	
<b>Bloque 1. Números e álgebra</b>					
<ul style="list-style-type: none"> <li>· e</li> <li>· j</li> <li>· k</li> <li>· l</li> <li>· m</li> </ul>	<p><i>B1.1. Números enteiros: representación na recta numérica, operacións con calculadora.</i></p> <p><i>B1.2. Números racionais: relacións entre fraccións e decimais, operacións con fraccións, xerarquía de operacións. Uso da calculadora.</i></p> <p><i>B1.3. Potencias. Potencias de base 10. Utilización da notación científica: números grandes e pequenos.</i></p> <p><i>B1.4. Xerarquía das operacións.</i></p>	<p><i>B1.1. Coñecer e utilizar propiedades e novos significados dos números en contextos de paridade, divisibilidade e operacións elementais, mellorando así a comprensión do concepto e dos tipos de números.</i></p>	<p><i>B1.1.1. Realiza cálculos nos que interveñen potencias de expoñente natural e aplica as regras básicas das operacións con potencias.</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>· CMCT</li> </ul>	
			<p><i>B1.1.2. Realiza operacións de conversións entre números decimais e fraccionarios, acha fraccións equivalentes e simplifica fraccións, para aplicalo na resolución de problemas.</i></p>		
			<p><i>B1.1.3. Utiliza a notación científica e valora o seu uso para simplificar cálculos e representar números moi grandes e moi pequenos.</i></p>		<ul style="list-style-type: none"> <li>· CMCT</li> <li>· CAA</li> </ul>
			<p><i>B1.1.4. Realiza operacións combinadas entre números enteiros, decimais e fraccionarios con eficacia, mediante cálculo mental, algoritmos de lapis e papel, calculadora ou medios tecnolóxicos, utilizando a notación máis axeitada e respectando a xerarquía das operacións.</i></p>		<ul style="list-style-type: none"> <li>· CMCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>· e</li> <li>· f</li> <li>· i</li> <li>· j</li> </ul>	<p><i>B1.5 Cálculos con porcentaxes (mental, manual e con calculadora). Aumentos e diminucións porcentuais.</i></p> <p><i>B1.6 Razón, proporción e taxa. Taxa unitaria. Factores de conversión. Magnitudes directa e inversamente proporcionais. Constante de proporcionalidade.</i></p> <p><i>B1.7. Resolución de problemas nos que interveña a proporcionalidade directa ou inversa, ou</i></p>	<p><i>B1.2. Utilizar diferentes estratexias (emprego de táboas, obtención e uso da constante de proporcionalidade, redución á unidade, etc.) para obter elementos descoñecidos nun problema a partir doutros coñecidos en situacións da vida real nas que existan variacións porcentuais e magnitudes directa ou inversamente proporcionais</i></p>	<p><i>B1.2.1. Identifica e discrimina relacións de proporcionalidade numérica (como o factor de conversión ou cálculo de porcentaxes) e emprégaas para resolver problemas en situacións cotiás.</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>· CMCT</li> <li>· CL</li> </ul>	
			<p><i>B1.2.2. Analiza situacións sinxelas e recoñece que interveñen magnitudes que non son directa nin inversamente proporcionais.</i></p>		

<b>EPAPU STA M<sup>a</sup> DE CARANZA</b>	<b>Departamento de Matemáticas</b>
<b>Programación 2024-25</b>	<b>Páx 21 de 101</b>

			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MACS1B4.1.2. Calcula e interpreta os parámetros estatísticos máis usuais en variables bidimensionais para aplicarlos en situacións da vida real.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MACS1B4.1.3. Acha as distribucións marxinais e diferentes distribucións condicionadas a partir dunha táboa de continxencia, así como os seus parámetros, para aplicarlos en situacións da vida real.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MACS1B4.1.4. Decide se dúas variables estatísticas son ou non estatisticamente dependentes a partir das súas distribucións condicionadas e marxinais, para poder formular conxecturas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MACS1B4.1.5. Avalía as representacións gráficas apropiadas para unha distribución de datos sen agrupar e agrupados, e usa axeitadamente medios tecnolóxicos para organizar e analizar datos desde o punto de vista estatístico, calcular parámetros e xerar gráficos estatísticos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ i</li> <li>▪ l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.6. Dependencia de dúas variables estatísticas. Representación gráfica: nube de puntos.</li> <li>▪ B4.7. Dependencia lineal de dúas variables estatísticas. Covarianza e correlación: cálculo e interpretación do coeficiente de correlación lineal.</li> <li>▪ B4.8. Regresión lineal. Predicións estatísticas e fiabilidade destas. Coeficiente de determinación</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.2. Interpretar a posible relación entre dúas variables e cuantificar a relación lineal entre elas mediante o coeficiente de correlación, valorando a pertinencia de axustar unha recta de regresión e de realizar predicións a partir dela, avaliando a fiabilidade destas nun contexto de resolución de problemas relacionados con fenómenos económicos e sociais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MACS1B4.2.1. Distingue a dependencia funcional da dependencia estatística e estima se dúas variables son ou non estatisticamente dependentes mediante a representación da nube de puntos en contextos cotiáns.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MACS1B4.2.2. Cuantifica o grao e o sentido da dependencia lineal entre dúas variables mediante o cálculo e a interpretación do coeficiente de correlación lineal para poder obter conclusións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MACS1B4.2.3. Calcula e representa as rectas de regresión de dúas variables e obtén predicións a partir delas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MACS1B4.2.4. Avalía a fiabilidade das predicións obtidas a partir da recta de regresión mediante o coeficiente de determinación lineal en</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>

Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias
			contextos relacionados con fenómenos económicos e sociais.	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ i</li> <li>▪ l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.9. Sucesos. Asignación de probabilidades a sucesos mediante a regra de Laplace e a partir da súa frecuencia relativa. Axiomática de Kolmogorov.</li> <li>▪ B4.10. Aplicación da combinatoria ao cálculo de probabilidades.</li> <li>▪ B4.11. Experimentos simples e compostos. Probabilidade condicionada. Dependencia e independencia de sucesos.</li> <li>▪ B4.12. Variables aleatorias discretas. Distribución de probabilidade. Media, varianza e desviación típica.</li> <li>▪ B4.13. Distribución binomial. Caracterización e identificación do modelo. Cálculo de probabilidades.</li> <li>▪ B4.14. Variables aleatorias continuas. Función de densidade e de distribución. Interpretación da media, varianza e desviación típica.</li> <li>▪ B4.15. Distribución normal. Tipificación da distribución normal. Asignación de probabilidades nunha distribución normal.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.3. Asignar probabilidades a sucesos aleatorios en experimentos simples e compostos, utilizando a regra de Laplace en combinación con diferentes técnicas de recuento e a axiomática da probabilidade, empregando os resultados numéricos obtidos na toma de decisións en contextos relacionados coas ciencias sociais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MACS1B4.3.1. Calcula a probabilidade de sucesos en experimentos simples e compostos, condicionada ou non, mediante a regra de Laplace, as fórmulas derivadas da axiomática de Kolmogorov e diferentes técnicas de recuento.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MACS1B4.3.2. Constrúe a función de probabilidade dunha variable discreta asociada a un fenómeno sinxelo e calcula os seus parámetros e algunhas probabilidades asociadas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MACS1B4.3.3. Constrúe a función de densidade dunha variable continua asociada a un fenómeno sinxelo, e calcula os seus parámetros e algunhas probabilidades asociadas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ i</li> <li>▪ l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.12. Variables aleatorias discretas. Distribución de probabilidade. Media, varianza e desviación típica.</li> <li>▪ B4.13. Distribución binomial. Caracterización e identificación do modelo. Cálculo de probabilidades.</li> <li>▪ B4.14. Variables aleatorias continuas. Función de densidade e de distribución. Interpretación da media, varianza e desviación típica.</li> <li>▪ B4.15. Distribución normal. Tipificación da distribución normal. Asignación de probabilidades nunha distribución normal.</li> <li>▪ B4.16. Cálculo de probabilidades mediante aproximación da distribución binomial pola normal.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.4. Identificar os fenómenos que poden modelizarse mediante as distribucións de probabilidade binomial e normal, calculando os seus parámetros e determinando a probabilidade de sucesos asociados.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MACS1B4.4.1. Identifica fenómenos que poden modelizarse mediante a distribución binomial, obtén os seus parámetros e calcula a súa media e a desviación típica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MACS1B4.4.2. Calcula probabilidades asociadas a unha distribución binomial a partir da súa función de probabilidade ou da táboa da distribución, ou mediante calculadora, folia de cálculo ou outra ferramenta tecnolóxica, e aplícaa en diversas situacións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MACS1B4.4.3. Distingue fenómenos que poden modelizarse mediante unha distribución normal, e valora a súa importancia nas ciencias sociais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MACS1B4.4.4. Calcula probabilidades de sucesos asociados a fenómenos que poden modelizarse mediante a distribución normal a partir da táboa da distribución ou mediante calculadora, folia de cálculo ou outra ferramenta tecnolóxica, e aplícaa en diversas situacións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MACS1B4.4.5. Calcula probabilidades</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>

<b>EPAPU STA M<sup>a</sup> DE CARANZA</b>	<b>Departamento de Matemáticas</b>
<b>Programación 2024-25</b>	<b>Páx 93 de 101</b>

Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias
			de sucesos asociados a fenómenos que poden modelizarse mediante a distribución binomial a partir da súa aproximación pola normal, valorando se se dan as condicións necesarias para que sexa válida.	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ e</li> <li>▪ i</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.17. Identificación das fases e as tarefas dun estudo estatístico. Análise e descrición de traballos relacionados coa estatística, interpretando a información, e detectando erros e manipulacións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.5. Utilizar o vocabulario axeitado para a descrición de situacións relacionadas co azar e a estatística, analizando un conxunto de datos ou interpretando de xeito crítico informacións estatísticas presentes nos medios de comunicación, a publicidade e outros ámbitos, e detectar posibles erros e manipulacións tanto na presentación dos datos coma das conclusións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MACS1B4.5.1. Utiliza un vocabulario adecuado para describir situacións relacionadas co azar e a estatística.</li> <li>▪ MACS1B4.5.2. Razona e argumenta a interpretación de informacións estatísticas ou relacionadas co azar presentes na vida cotiá.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>

**temporalidade.** (como xa comentamos, o bloque 1 está incluído nos outros)

1ª Avaliación: Bloque 2. Números e álgebra e parte do Bloque 3 Análise

2ª Avaliación: Bloque 3. Análise

3ª Avaliación: Bloque 4. Estatística e Probabilidade

### 4.3.2.- Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II 2ºBAC

Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias
<b>Bloque 2. Números e álgebra</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ i</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Estudo das matrices como ferramenta para manexar e operar con datos estruturados en táboas. Clasificación de matrices.</li> <li>▪ B2.2. Operacións con matrices.</li> <li>▪ B2.3. Rango dunha matriz.</li> <li>▪ B2.4. Matriz inversa.</li> <li>▪ B2.5. Método de Gauss.</li> <li>▪ B2.6. Determinantes ata orde 3.</li> <li>▪ B2.7. Aplicación das operacións das matrices e das súas propiedades na resolución de problemas en contextos reais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Organizar información procedente de situacións do ámbito social utilizando a linguaxe matricial, e aplicar as operacións con matrices como instrumento para o tratamento da devandita información.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MACS2B2.1.1. Dispón en forma de matriz información procedente do ámbito social para poder resolver problemas con maior eficacia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MACS2B2.1.2. Utiliza a linguaxe matricial para representar datos facilitados mediante táboas e para representar sistemas de ecuacións lineais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MACS2B2.1.3. Realiza operacións con matrices e aplica as propiedades destas operacións adecuadamente, de xeito manual e co apoio de medios tecnolóxicos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ h</li> <li>▪ i</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.8. Representación matricial dun sistema de ecuacións lineais: discusión e resolución de sistemas de ecuacións lineais (ata tres ecuacións con tres incógnitas). Método de Gauss.</li> <li>▪ B2.9. Resolución de problemas das ciencias sociais e da economía.</li> <li>▪ B2.10. Inecuacións lineais cunha ou dúas incógnitas. Sistemas de inecuacións. Resolución gráfica e alxébrica.</li> <li>▪ B2.11. Programación lineal bidimensional. Rexión factible. Determinación e interpretación das solucións óptimas.</li> <li>▪ B2.12. Aplicación da programación lineal á resolución de problemas sociais, económicos e demográficos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.2. Transcribir problemas expresados en linguaxe usual á linguaxe alxébrica e resolvelos utilizando técnicas alxébricas determinadas (matrices, sistemas de ecuacións, inecuacións e programación lineal bidimensional), interpretando criticamente o significado das solucións obtidas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MACS2B2.2.1. Formula alxebricamente as restricións indicadas nunha situación da vida real e o sistema de ecuacións lineais formulado (como máximo de tres ecuacións e tres incógnitas), resólveo nos casos que sexa posible e aplica para resolver problemas en contextos reais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MACS2B2.2.2. Aplica as técnicas gráficas de programación lineal bidimensional para resolver problemas de optimización de funcións lineais que están suxeitas a restricións, e interpreta os resultados obtidos no contexto do problema.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<b>Bloque 3. Análise</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ i</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Continuidade: tipos. Estudo da continuidade en funcións elementais e definidas a anacos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Analizar e interpretar fenómenos habituais das ciencias sociais de xeito obxectivo traducindo a información á linguaxe das funcións, e describilo mediante o estudo cualitativo e cuantitativo das súas propiedades máis características.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MACS2B3.1.1. Modeliza con axuda de funcións problemas formulados nas ciencias sociais e describeos mediante o estudo da continuidade, tendencias, ramas infinitas, corte cos eixes, etc.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MACS2B3.1.2. Calcula as asíntotas de funcións sinxelas racionais, exponenciais e logarítmicas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MACS2B3.1.3. Estuda a continuidade nun punto dunha función elemental ou definida a anacos utilizando o concepto de límite.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>

<b>EPAPU STA M<sup>a</sup> DE CARANZA</b>	<b>Departamento de Matemáticas</b>
<b>Programación 2024-25</b>	<b>Páx 95 de 101</b>

Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ i</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.2. Aplicacións das derivadas ao estudo de funcións polinómicas, racionais e irracionais sinxelas, exponenciais e logarítmicas.</li> <li>▪ B3.3. Problemas de optimización relacionados coas ciencias sociais e a economía.</li> <li>▪ B3.4. Estudo e representación gráfica de funcións polinómicas, racionais, irracionais, exponenciais e logarítmicas sinxelas a partir das súas propiedades locais e globais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.2. Utilizar o cálculo de derivadas para obter conclusións acerca do comportamento dunha función, para resolver problemas de optimización extraídos de situacións reais de carácter económico ou social e extraer conclusións do fenómeno analizado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MACS2B3.2.1. Representa funcións e obtén a expresión alxébrica a partir de datos relativos ás súas propiedades locais ou globais, e extrae conclusións en problemas derivados de situacións reais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MACS2B3.2.2. Formula problemas de optimización sobre fenómenos relacionados coas ciencias sociais, resólveos e interpreta o resultado obtido dentro do contexto.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ i</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.5. Concepto de primitiva. Integral indefinida. Cálculo de primitivas: propiedades básicas. Integrais inmediatas.</li> <li>▪ B3.6. Cálculo de áreas: integral definida. Regra de Barrow.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.3. Aplicar o cálculo de integrais na medida de áreas de rexións planas limitadas por rectas e curvas sinxelas que sexan doadamente representables, utilizando técnicas de integración inmediata.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MACS2B3.3.1. Aplica a regra de Barrow ao cálculo de integrais definidas de funcións elementais inmediatas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MACS2B3.3.2. Aplica o concepto de integral definida para calcular a área de recintos planos delimitados por unha ou dúas curvas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<b>Bloque 4. Estatística e Probabilidade</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ i</li> <li>▪ l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. Afondamento na teoría da probabilidade. Axiomática de Kolmogorov. Asignación de probabilidades a sucesos mediante a regra de Laplace e a partir da súa frecuencia relativa.</li> <li>▪ B4.2. Experimentos simples e compostos. Probabilidade condicionada. Dependencia e independencia de sucesos.</li> <li>▪ B4.3. Teoremas da probabilidade total e de Bayes. Probabilidades iniciais e finais, e verosimilitude dun suceso.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. Asignar probabilidades a sucesos aleatorios en experimentos simples e compostos, utilizando a regra de Laplace en combinación con diferentes técnicas de recuento persoais, diagramas de árbore ou táboas de continxencia, a axiomática da probabilidade e o teorema da probabilidade total, e aplica o teorema de Bayes para modificar a probabilidade asignada a un suceso (probabilidade inicial) a partir da información obtida mediante a experimentación (probabilidade final), empregando os resultados numéricos obtidos na toma de decisións en contextos relacionados coas ciencias sociais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MACS2B4.1.1. Calcula a probabilidade de sucesos en experimentos simples e compostos mediante a regra de Laplace, as fórmulas derivadas da axiomática de Kolmogorov e diferentes técnicas de recuento.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MACS2B4.1.2. Calcula probabilidades de sucesos a partir dos sucesos que constitúen unha partición do espazo mostral.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MACS2B4.1.3. Calcula a probabilidade final dun suceso aplicando a fórmula de Bayes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MACS2B4.1.4. Resolve unha situación relacionada coa toma de decisións en condicións de incerteza en función da probabilidade das distintas opcións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ i</li> <li>▪ l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.4. Poboación e mostra. Métodos de selección dunha mostra. Tamaño e representatividade dunha mostra.</li> <li>▪ B4.5. Estatística paramétrica. Parámetros dunha poboación e estatísticos obtidos a partir dunha</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.2. Describir procedementos estatísticos que permiten estimar parámetros descoñecidos dunha poboación cunha fiabilidade ou un erro prefixados, calculando o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MACS2B4.2.1. Valora a representatividade dunha mostra a partir do seu proceso de selección.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MACS2B4.2.2. Calcula estimadores puntuais para a media, varianza, desviación típica e proporción poboacionais, e aplícao a problemas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>



<b>EPAPU STA M<sup>a</sup> DE CARANZA</b>	<b>Departamento de Matemáticas</b>
<b>Programación 2024-25</b>	<b>Páx 96 de 101</b>

Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II. 2º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias
	<p>mostra. Estimación puntual.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.6. Media e desviación típica da media mostral e da proporción mostral. Distribución da media mostral nunha poboación normal. Distribución da media mostral e da proporción mostral no caso de mostrás grandes.</li> <li>▪ B4.7. Estimación por intervalos de confianza. Relación entre confianza, erro e tamaño mostral.</li> <li>▪ B4.8. Intervalo de confianza para a media poboacional dunha distribución normal con desviación típica coñecida.</li> <li>▪ B4.9. Intervalo de confianza para a media poboacional dunha distribución de modelo descoñecido e para a proporción no caso de mostrás grandes.</li> </ul>	<p>tamaño mostral necesario e construíndo o intervalo de confianza para a media dunha poboación normal con desviación típica coñecida e para a media e proporción poboacional, cando o tamaño mostral é suficientemente grande.</p>	<p>reais.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MACS2B4.2.3. Calcula probabilidades asociadas á distribución da media mostral e da proporción mostral, aproximándoas pola distribución normal de parámetros axeitados a cada situación, e aplica a problemas de situacións reais.</li> <li>▪ MACS2B4.2.4. Constrúe, en contextos reais, un intervalo de confianza para a media poboacional dunha distribución normal con desviación típica coñecida.</li> <li>▪ MACS2B4.2.5. Constrúe, en contextos reais, un intervalo de confianza para a media poboacional e para a proporción no caso de mostrás grandes.</li> <li>▪ MACS2B4.2.6. Relaciona o erro e a confianza dun intervalo de confianza co tamaño mostral, e calcula cada un destes tres elementos, coñecidos os outros dous, e aplica en situacións reais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ e</li> <li>▪ i</li> <li>▪ l</li> <li>▪ m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.10. Identificación das fases e das tarefas dun estudo estatístico. Elaboración e presentación da información estatística. Análise e descrición de traballos relacionados coa estatística e o azar, interpretando a información e detectando erros e manipulacións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.3. Presentar de forma ordenada información estatística utilizando vocabulario e representacións adecuadas, e analizar de xeito crítico e argumentado informes estatísticos presentes nos medios de comunicación, na publicidade e noutros ámbitos, prestando especial atención á súa ficha técnica e detectando posibles erros e manipulacións na súa presentación e conclusións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MACS2B4.3.1. Utiliza as ferramentas necesarias para estimar parámetros descoñecidos dunha poboación e presentar as inferencias obtidas mediante un vocabulario e representacións axeitadas.</li> <li>▪ MACS2B4.3.2. Identifica e analiza os elementos dunha ficha técnica nun estudo estatístico sinxelo.</li> <li>▪ MACS2B4.3.3. Analiza de xeito crítico e argumentado información estatística presente nos medios de comunicación e noutros ámbitos da vida cotiá.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSC</li> </ul>

**temporalidade.** (como xa comentamos, o bloque 1 está incluído nos outros)

1ª Avaliación: Bloque 2. Números e álgebra

2ª Avaliación: Bloque 3. Análise

3ª Avaliación: Bloque 4. Estatística e Probabilidade



<i>EPAPU STA M<sup>a</sup> DE CARANZA</i>	<i>Departamento de Matemáticas</i>
<i>Programación 2024-25</i>	<i>Páx 97 de 101</i>

### **5.- CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO NAS MATERIAS DE MATEMÁTICAS E ÁMBITOS ASOCIADOS A ESTE DEPARTAMENTO**

O sistema de cualificación que se vai describir a continuación será aplicable a tódolos cursos tanto da ESA como de Bacharelato.

Como criterio de corrección valórase os coñecementos teórico/prácticos do alumno e o axeitado emprego da ferramenta matemática ou científica-tecnolóxica, así como o rigor nos razoamentos desenvolvidos e a linguaxe empregada. No desenvolvemento dos problemas, exercicios e cuestións valóranse os seguintes aspectos:

- a. A identificación do modelo matemático ou científico-técnico e das propiedades matemáticas ou científico-técnica e a súa descrición concisa.
- b. A coherencia ordenada e razoada da exposición da resposta.
- c. A claridade de exposición.
- d. A utilización dunha axeitada terminoloxía e notación matemática ou científico-técnica.
- e. A facilidade e precisión na realización do cálculo. Se no desenrolo dunha resposta, por erro nos cálculos, o alumno obtén unha solución absurda (por exemplo: unha probabilidade maior que un, un seno ou coseno maior que un, etc.), valórase positivamente que o alumno faga constar o absurdo de tal resultado.
- f. A ausencia de explicacións na solución dun problema repercute negativamente na súa valoración, podendo ter unha puntuación nula se só se aporta a solución numérica dun problema ou cuestión sen ningunha explicación.
- g. Cando sexa posible, é recomendable ilustrar a resolución dos problemas con representacións gráficas, posto que se valora a corrección e detalle das mesmas, o emprego de unidades e o mantemento aproximado das proporcións.

As puntuacións poderán ser modificadas pola actitude e comportamento positivo ou negativo de cada alumno/a na materia a tratar, sumándolle á nota un máximo de 1 punto.

En ESA Módulos Científico-tecnolóxico avaliarase (nota final) facendo a media aritmética dos dous parciais que estarán programados pola xefatura de estudos do centro. Deberán presentarse ás probas de recuperación os alumnos que teñan menos de 4 na puntuación dun parcial.

Unha vez realizadas as probas de recuperación, a nota final será a media das notas máis altas dos dous parciais; sendo necesario ter máis dun tres, en cada un dos parciais, para poder facer a media.

Ademais, na ESA Presencial a nota de cada un dos dous parciais farase entre as probas escritas (70%) e os traballos proposto polo profesor (30%)

Matemáticas no Bacharelato: Haberá, polo menos, un exame por avaliación nas materias de Bacharelato. A nota final do curso será a media aritmética das tres avaliacións sempre e cando en cada avaliación teña una nota igual ou superior a 3 (ver aclaración sobre a nota de avaliación). En caso de ter unha puntuación inferior a 3 nun parcial, o alumno se considerará non aprobado (non promovido).

En TIC [1º e 2º BAC], Os criterios serán os mesmos que na materia de matemáticas, pero:

polo seu carácter optativo e sobre todo polo carácter práctico da materia, o profesor poderá eximir de facer a proba-exame de avaliación a aquel alumnado que entregue, de selo caso, todos os traballos que se pedirán e nas datas establecidas. Cada traballo terá unha nota entre 0 e 10 e farase a media

<i>EPAPU STA M<sup>a</sup> DE CARANZA</i>	<i>Departamento de Matemáticas</i>
<i>Programación 2024-25</i>	<i>Páx 98 de 101</i>

aritmética de todas estas notas sempre que estas sexan superiores ou iguais ao 3. Considéranse superados os traballos e polo tanto exentos de facer o exame de avaliación se unha vez reunidos os requisitos anteriores se chegue a, ou supere, un cinco. Aquel que lle falte algún traballo por entregar na data establecida terá que facer unha proba global de avaliación.

En calquera caso a nota da avaliación redondearase (aproximación por redondeo) no intervalo  $[0,10]$

Os alumnos/as que non superasen as materias impartidas por este departamento, e se presentasen á proba extraordinaria de setembro (ou xuño, segundo corresponda), avaliaranse dos contidos impartidos durante o curso, seguindo os criterios de avaliación, mínimos esixibles na presente programación. Realizarán unha proba única, na que se incluírán preguntas dos temas tratados no curso rematado e superarán dita proba todo aquel alumnado que responda afirmativamente ao 50% da proba.

As datas de celebración dos exames de avaliacións e finais veñen marcadas por Xefatura de Estudos.

Aclaración: A puntuación final de curso, como xa está expresado, será a media aritmética de cada parcial ou avaliación (sempre é cando todas sexan ou superen o 3). Esa media soamente terá validez e será calculada despois de facer todas as probas-exames de recuperación propostas polo profesorado. Debemos aclarar que: As probas de recuperación, para un alumno obrigado a facela, necesitan dun 5 para superar o parcial (ou avaliación) pero non puntuarán máis dun 7 como nota de avaliación (así: a puntuación superior a cinco nunha proba de recuperación terá unha ponderación (proporción directa) de 2 puntos).

## **6.- PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN**

Os procedementos de avaliación considerarán os seguintes aspectos (utilizando, en cada caso, o correspondente instrumento de avaliación):

Revisión dos traballos realizados polos alumnos para obter datos tales como o nivel de expresión escrita e gráfica do alumno, hábitos de traballo, presentación de resultados.

Probas teórico/prácticas que terán en conta exercicios de aplicación, exercicios sobre rutinas e algoritmos, conceptos, resolución de problemas.

A observación dos alumnos para sacar conclusións de: asistencia, comportamento, interese, esforzo no traballo, responsabilidade, ...

## **7. TRATAMENTO DO FOMENTO DA LECTURA**

O uso en si mesmo das unidades didácticas que a web e aula virtual da consellería dispón para o alumnado xa é un fomento da lectura e a súa comprensión.

## **8. TRATAMENTO DO FOMENTO DAS TIC**

As novas tecnoloxías fanse imprescindibles tanto como ferramentas na resolución de problemas como no aproveitamento da grande cantidade de materiais e recursos didácticos que nos ofrecen.

O uso das calculadoras é fundamental así como o das follas de cálculo sen esquecer que os alumnos deberán aprender a utilizar a forma de cálculo (mental, escrito ou con calculadora ou ordenador) máis conveniente en cada caso.

Utilizaremos os ordenadores e Internet para compartir recursos e acceder e contactar coa comunidade matemática de todo o mundo.

O uso e desenvolvemento da aula virtual será unha das formas de comunicación e ensino-aprendizaxe para este curso.

<i>EPAPU STA M<sup>a</sup> DE CARANZA</i>	<i>Departamento de Matemáticas</i>
<i>Programación 2024-25</i>	<i>Páx 99 de 101</i>

*Tamén neste curso dispoñemos de PDI en toadas as aulas, polo que o material da aula virtual e os encerados previamente creados dinamizarán o desenvolvemento das materias.*

### ***9.- PLANS DE TRABALLO PARA SUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES***

*Na ESA presencial hai unha hora semanal de clase que impartirá o profesor do ámbito destinada a actividades de repaso para aqueles alumnos que teñan pendente o ámbito científico tecnolóxico e a data dos exames virán marcados por Xefatura de Estudos.*

*No bacharelato pola súa característica de semipresencial e de adultos, os alumnos con materia pendentes de 1º estarán matriculados nesa materia, polo que a materia pendente se cursará como unha materia máis, pois non ten as restricións de asistencia e seguimento que nun ensino presencial. Mais, temos que ter en conta as características diferentes entre o curso de 2º bac e o de 1º de bac, pois as datas de finalización non son as mesmas :*

*Para o alumnado de 2º BAC que pretenda titular (e porque a data de finalización do curso de 2º é anterior ao de 1º) terá unha proba da materia pendente de 1º Bac (global ou das avaliacións parciais non superadas) antes da avaliación final de 2º Bac onde as datas dos exames virán fixadas por Xefatura de Estudos. De non aprobar nesta convocatoria poderá presentarse a avaliación final da materia de 1º no réxime ordinario.*

### ***10.- METODOLOXÍA DIDÁCTICA***

*Procurarase que a aprendizaxe sexa significativa e que se basee nos coñecementos previos do alumno.*

*As actividades que se propoñan tratarán de xirar en torno a contextos e situacións próximas e coñecidas ao alumnado, para posibilitar a comprensión dos problemas e posteriores solucións, e para favorecer a motivación e o interese, sen esquecer os aspectos relacionados con outras disciplinas ás que as matemáticas deben servir de soporte.*

*Tratarase de que o alumnado “aprenda a aprender” atopando estratexias que lle permitan sacar máis proveito do seu traballo: aproveitando os erros para aprender deles e non volver a reproducilos, resolvendo problemas en situacións e contextos distintos aos propostos previamente, etc.*

*Con respecto ao uso da informática e das novas tecnoloxías, no novo currículo pasan a ser, máis que un recurso no ensino das matemáticas, a un elemento imprescindible na súa aprendizaxe. Ademais, en Bacharelato, usaranse as tecnoloxías da información e da comunicación, ferramentas de cálculo, simulación, contraste, aproximación e estimación ou calquera outra que favoreza o proceso de abstracción.*

*En canto ao uso da calculadora, introducirase tratando de que os alumnos se familiaricen co su funcionamento, sabendo distinguir cando debe ser usada e cando non. Aproveitarase para desenvolver o cálculo mental sempre que dito cálculo o permita.*

*A resolución de exercicios de boletíns ou do libro de texto poderase complementar con traballos de grupo e de investigación, promovendo a discusión e a análise rigorosa, e buscando, no posible, o carácter interdisciplinar dos mesmos, incidindo na elaboración e presentación dos resultados de forma clara e coherente.*

*Valoraranse distintos camiños de presentación e de resolución de problemas, así como as solucións estéticas e creativas.*

*Favoreceranse actitudes propias do traballo matemático como o gusto pola presentación ordenada dos procesos, cálculos e resultados, a claridade e precisión, a comprobación sistemática dos*

<i>EPAPU STA M<sup>a</sup> DE CARANZA</i>	<i>Departamento de Matemáticas</i>
<i>Programación 2024-25</i>	<i>Páx 100 de 101</i>

resultados, etc.

### ***11.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS***

Nos cursos de ESA tanto presencial como semipresencial seguirán as “Guías do alumnado” que se proporciona a todo o alumnado matriculado e que están colgadas na páxina da Consellería de Educación na sección de Educación de adultos; tamén estarán na aula virtual do centro.

Para os cursos de Bacharelato se usarán as guías para o ensino a distancia do IES San Clemente (endereço: [guiasbac.sanclemente.net](http://guiasbac.sanclemente.net)), e tamén guías e actividades producidas por este departamento, que iremos poñendo na aula virtual a disposición do alumnado. Mais os libros de texto de referencia son os seguintes:

Matemáticas I 1º BAC Editorial Santillana

Matemáticas II 2º BAC Editorial Santillana

Matemáticas aplicadas ás CCSS I 1ºBAC Editorial Anaya

Matemáticas aplicadas ás CCSS II 2ºBAC Editorial Anaya

En TIC facilitaráselles o material necesario para o traballo diario na clase a traveso da aula virtual.

### ***12.- PROGRAMACIÓN DE TEMAS TRANSVERSAIS***

Os contidos curriculares de matemáticas en todos os bloques: Números, Álgebra, Xeometría, Análise, Estatística, préstanse para tratar contidos transversais, especialmente nos aspectos cuantitativos. Trataremos de que ao longo do curso nas actividades didácticas propostas estean presentes estes contidos, fuxindo, de forma especial, en calquera situación, dos tópicos tradicionalmente relacionados cos dous sexos.

O desenvolvemento de actitudes como o gusto pola precisión e o rigor; o fomento da boa presentación e orden na realización de tarefas; a perseveranza; a puntualidade; o respecto polas opinións dos outros; o diálogo ante a existencia de conflitos interpersoais e grupais; a solidariedade, tolerancia e respecto á diversidade; o aforro enerxético, ..., axudan a conseguir uns hábitos necesarios para vivir nunha sociedade pluralista e democrática. A súa práctica cotiá na aula contribúe a que os alumnos adquiren e desenvolvan estes valores.

Ademais, participamos nas actividades do centro para celebrar as datas conmemorativas, charlas, conferencias, ..., que tratan os temas transversais ( Día Mundial do Medio Ambiente, Dereitos Humanos, Día Internacional da Muller, Día da Paz, Ano Internacional da Astronomía, ..., Actividades sobre sexualidade, etc.).

### ***13.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE***

O noso alumnado teñen diferentes características físicas e sociais e maior parte deles están inmersos no mundo laboral (problemas para a asistencia ás clases xa que segundo o traballo que teñan poden estar a quendas ou a súa situación familiar con fillos a cargo tampouco llelo permite). Por iso, trataremos de adaptarnos as súas circunstancias tendo en conta as súas distintas capacidades, intereses e estilos e ritmos de aprendizaxe, permitindo asistir ás clases de outros grupos e realizando actividades de ensinanza e aprendizaxe que nos permitan dedicar máis tempo aos alumnos que máis o necesiten, para o que dispoñemos de unha hora semanal. Tamén damos a posibilidade de cambiar temporalmente de grupo por cuestións de adaptación de horario.

Colaboraremos co Departamento de Orientación para que, no caso de detectar calquera problema, os alumnos poidan recibir axuda.

<i>EPAPU STA M<sup>a</sup> DE CARANZA</i>	<i>Departamento de Matemáticas</i>
<i>Programación 2024-25</i>	<i>Páx 101 de 101</i>

#### **14.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**

*Participación en calquera actividade que ao longo do curso os departamentos organicen e se considere que pode ser de utilidade e aproveitamento para o alumnado ben sexan saídas, conferencias.....*

#### **15.- PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA**

*Ao longo do ano, nas diferentes reunións de Departamento realizarase un seguimento de programación didáctica co fin de coordinar os distintos grupos de cada nivel. Asemade comprobarase a adecuación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación ás características e necesidades do alumnado modificando o que os membros do departamento consideren preciso.*

#### **16.- CONSTANCIA DE INFORMACIÓN AO ALUMNADO**

*Ao inicio de curso, o profesor da materia indicarlle ao alumnado a secuencia prevista, o número de probas escritas a realizar no trimestre así como os pesos que terán, e os obxectivos da materia que cursan.*

*Ao inicio de curso publicarase no taboleiro do departamento información básica que inclúe os criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.*

*Tamén, esta programación estará pública na web do centro.*

#### **17.- PROBAS DE NIVEL**

*O cambio de modalidade ou, por organización do centro, a elección da optativa en 2º de bacharelato pode levar a necesidade de ter tamén que superar a materia do mesmo nome que tería que ser cursada en 1º de Bacharelato. [Así, por exemplo, un alumno que cambie a modalidade de bacharelato científico-tecnolóxico ao de ciencias sociais aínda tendo aprobadas as Matemáticas I de 1ºBAC non tería, por lei, aprobadas as Matemáticas Aplicadas I de 1ºBAC]. Para estes casos os alumnos poderán nun prazo razoable (20 días naturais desde o comezo de curso) solicitar ao departamento atraveso do profesor da materia que corresponda unha proba para a superación da materia pendente do curso anterior. O departamento (a petición dos alumnos) os convocará a unha proba (que basearase nos contidos mínimos da materia en cuestión) na que superando a cualificación de 5 será considerada a súa capacidade nesa materia pendente do curso anterior; e polo tanto quedará aprobada (a cualificación final será a mesma que a obtida nesa proba de nivel).*

*Tamén se considera a necesidade de facer probas de nivel na materia de TIC I para alumnos que teñan cursado estudos de informática e outras para marcar o nivel nos estudos de ESA, en especial para estranxeiros dos que non se ten claro o nivel polos estudos realizados no seu país de orixe ou por falta de certificacións.*

#### **18.- MEMBROS DO DEPARTAMENTO. CONFORMIDADE**

**ANTONIO FERREIRO ROZAS**

**PEDRO A. PAZOS GARCÍA**